

Tonhito de Poi, dándoo todo

Antón R. López e Montse Dopico (coords.)

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ, ANTÓN R., E MONTSE DOPICO (COORDS.) (2012 [2008]). “Tonhito de Poi, dándoo todo”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 703 (17 de xaneiro). Re-edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2175>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ, ANTÓN R., E MONTSE DOPICO (COORDS.) (2008). “Tonhito de Poi, dándoo todo”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 703 (17 de xaneiro).

* Edición dispoñíbel desde o 2 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

17 XANEIRO DO 2008 - NÚMERO 703

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS



Tonhito de Poi

Algúns din que é o “Bob Dylan galego” e el contesta que hai xente demasiado dada aos porros e á cervexa. Foi mariñeiro no Gran Sol, cocñeiro do buque *Elcano*, bebedor de vocación cosmopolita nas praias de Honolulu, amante nunha reserva india do Canadá –alí descubriu, di, a comunión coa natureza–, e foi guionista, actor e, sobre todo, é o máis délebre rockeiro de Galicia. Tonhito de Poi sempre o dá todo. É así: un explorador. Desde Herdeiros da Crus –un grupo que transformou o panorama musical dos anos noventa–, até os destinos truncados da Banda de Poi –o seu intento de fusionar Galicia e Portugal a través das guitarras eléctricas–, este mariñeiro de Castiñeiras emprende agora unha segunda xuventude con

Tonhito de Poi, dándoo todo

Rasa Loba, formación nacida dalgunhas cinsas e dunha paixón a peito aberto polo directo. “Cada concerto é como a miña despedida do planeta”, asegura Tonhito, convencido de que o amor é “o único real” e de que a identidade é o que nos impide ser escravos porque “a identidade delimita a diferenza entre ser un carballou ou o encofrado duns acaroados”. Coa reprodución das letras do seu disco inédito en Rasa Loba, cunha entrevista e cun perfil realizado por Alfonso Pato sobre o home que se namoreu dunha sachadora –a súa guitarra, á que cada día lle promete amor eterno–, Revista das Letras achégase neste monográfico a un dos personaxes máis rotundos e fascinantes da cultura popular do país.



“Cada concerto é como a miña despedida do planeta”

Montse Dopico/A.R. López

Tonhito de Poi está a vivir, asegura, a súa segunda xuventude, unha especie de emoción primixenia que o asalta e que non tiña nos concertos desde os tempos de Herdeiros de Crus. E a razón de esa emoción lle regresara ao corpo está en Rasa Loba, o seu último proxecto, unha formación que se nutre da “parte gamba do rock”. “Chamámonos Rasa Loba porque eses son cans que sobreviven no monte, coma nós, e non cans de palleiro que lles piden esmola aos humanos e comen, como quen di, un prato de fabas. A rasa loba vive en mandas”, explica o mariñeiro de Castiñeiros nunha improvisada entrevista en Compostela, a cidade na que pasa tres días á semana ensaiando cos seus rapaces e traballando na serie dos Tonechos.

E é que Tonhito pertence á caste dos creadores polifacéticos e a súa vida corresponde ás coordenadas dun explorador incansable. Patrón no Gran Sol, mariñeiro raso –e cociñeiro– no buque *Juan Sebastián Elcano* –lembra as súas borracheiras en Honolulu coa mirada dun gentleman cosmopolita– ou namorado que sentiu a pulsión da natureza nunha reserva india da costa oeste do Canadá, Tonhito de Poi sentiu a chamada do rock unha tarde no seu coche –oía a Jimmi Hendrix– e non puido parar desde daquela. Iso si, con escaramuzas no guión, no texto dramático, no cine e nas series de televisión, que o converteron nun popular personaxe da pequena pantalla. “A tele”, sentencia, “é hipnótica: cando levas moito tempo nela cres que o mundo é un plató”.

Agora está entregado en corpo e alma

a Rasa Loba. Co batería Tonecho España e cos portugueses Poni e Hugo Machado, rescatados da súa malograda Banda de Poi, Tonhito ultima xa o lanzamento dun disco con letras marcadas pola paixón e ritmos contundentes. “Estar en manda esixe non mostrar tanto ego. Canto máis egoísta sexas, máis só quedas O grupo xera tanta presión que florece o mellor e o peor de todos. Pero a música vai e vén e non é de ninguén”.

Sobre todo, recuperou con Rasa Loba a “éxtase” dos directos. A xente, explica, “queda coa boca aberta e non queren saír da sala dos concertos. Nalgunhas actuacións acompañannos até o día nunha comunión de goce máximo. Iso ocorre cando tes a sensación de ter unha banda e a sensación se transmite ao público. Tamén é certo que saímos ao escenario para dalo todo. Cada concerto é como a miña despedida do planeta”.

O contrario foi a súa experiencia na banda de Poi, un proxecto que pretendía fundir Galicia e Portugal coas guitarras eléctricas. Pero saíu mal “por cuestións empresariais e unha mazá pobre non pon san as outras. Eu perdín todos os meus cartos e moita enerxía. Sigo entendendo que Galicia e Portugal somos irmáns, pero tamén cría nos marcyanos. A ideoloxía é incompatible co corazón”. Aínda así recoñece que aprendeu moito porque está convencido de que “aquilo que non te fai feliz é un atraso” e porque colleu máis fe en si mesmo: “o medo a equivocarte faite crer na opinión dos outros e esa é, precisamente, a equivocación.

De Herdeiros da Crus, pola contra, garda moito mellor recordo: “Sempre se-

rei Herdeiros da Crus. Era a casa nai, pero tes que saír algún día, equivocarte un pouco e perderte para atoparte. Por min volveríamos xa, pero esixiría unha dedicación exclusiva”. Desá posibilidade de regreso, o que máis temería é a “tentación que hai en todos os grupos de converterse nunha orquestra do rock. Cando fas versións de ti mesmo acabas sendo unha perversión”.

As frases, as metáforas, saen da boca de Tonhito como da boca dun poeta e, de feito, houbo alguén que o denominou “o Bob Dylan galego”. A xente, rexeita el a comparación, “fuma moito. O nome de Bob Dylan non se pronuncia en van. Non son ningún poeta e vexo o mundo desde a perspectiva da música: todo no mundo ten unha harmonía”.

Os temas de Rasa Loba son un fiel reflexo das inquedanzas deste home que confesa ter unha impronta mística e unha vocación pragmática. A ecoloxía ocupa un lugar principal entre as súas obsesións. Enténdeas como unha conciencia –“saber que formas parte de todo”– e como unha evidencia: “ningún ser intelixente envelena o vaso no que bebe”. Do amor, tan presente nas súas letras, opina que é “único real” e “o conflito, en si mesmo, non resolve nada: é unha pelexa de galos. O conflito é unha falta de comprensión e cando non hai comprensión ¿de que vale discutir?”.

Tamén ten a súa propia versión da identidade, “iso que nos impide ser escravos”. A diferenza entre “ter ou non ter identidade”, reflexiona, “é a mesma que hai entre ser un carballo ou a madeira de encofrar uns acaroados”.

Tonhito de Poi e a Rasa Loba

Rasa loba

Se estas agora coa túa chorva, que guai.
Se estas pensando “e se non viñera” mimá.
Coa fartura de rasas lobas
Que hai neste local
Non terías ningún problema en guau, guau, guau
Oh my girl

Escoita, amigo a un ex pelexo total
Eu tiña a reina que sempre quería xogar
Pero a xaneira envenenoume dunha forma brutal
Botábame coma o jalo ó milho e guau, guau, guau
Oh, my girl

Se estas agora coa túa chorva que guai
Atende dela por que el é Eva e ti Andán
E se es un lobo que anda solo
vémonos no bar
un lobo ceibo e un ex pelexo que guai, gaudi, guai
oh, my girl.

45 diamantes

Para min é interesante
Ter habilidade para talhar un diamante
45 kilates
Leça da palmeira esta cheia de diamantes
En Leça todo é mentira
Nin o ouro brilha nen melhora a economía
O ouro é mesmo preto
A merda do mar ten documentos
O cabo do mundo é un mundo
Que alúmbrala mar a dentro
Para marcarnos o rumbo
Que limpe dunha forma total
A praia sen beijinhos
Pola puta petrogal

Volto a leça de Palmeira
Onde trocan diamantes por garragas de cervexa
Son paciente do Fernando
Un pouquiño a pé, o resto caminando.

Busco palmeiras en Leça
Busco que este cheiro non me foda a cabeza. (bis)

Mor

Chamádeme Mor, eu son unha pedra
Chamámademe Mor, son de Antela
do mar interior da miña terra.
No mar interior na lagoa de antela
naceu meu amor ó ser de pedra,
crioume o Sol e a Lúa chea
para a gran rebelión.
Eu son un deus na terra.
Mooooooooooooooooooooooooooooo

O mar era doce, a terra era fresca
a língua da xente galego portuguesa.
Secaron o mar, secaron a terra
Pero non afogaron ó pobo de pedra.
Mooooooooooooooooooooooooooooo

Un iluminado é un soldado
que para existir ten que parir
para amar ten que criar,
un xeneral na espiña dorsal
dun exército universal
Libre e dotado para escoitar
O seu ser falar

Pide non ter que pedir

Pide non ter que pedir nada
para de pensar ou fas de ti unha empanada
Respira que é a porta de saída
Deste mundo, deste mundo de mentira

Pide non ter que pedir nada
Para de pensar e come esa empanada
Respira que é a porta de saída
Para entrar no mundo maravilla

Tócame o corpo só falando
Dame un beijinho con eses olliños, cariño (bis)

Pide non ter que pedir
Pide poder sempre dar, sempre dar.
Pide non ter que pedir perdón
Atende o que fas, faino de corazón.

Respiro e aprendo a nadar
Para poder chegar a ti, xunto a ti, Amelie.

A esta melodía boteille polvos de alegría para namorar
A esta melodía boteille polvos de alegría para tolear

45 diamantes,
Un can, unha gata e piranhas xigantes
45 xogadores
Ó redor dunha mesa de bilhar de fumadores
E dúas velas meninas
Que che dan con amor 45 almedoíns
O senhor comandante
Que me acolhe na súa casa coma se fose almirante
Aínda son un carbón
Que con bom corazón e humildade de estudante
Teña por seguro comandante
Que algún día serei un diamante

Volto a leça de Palmeira
Onde trocan diamantes por garragas de cervexa
Son a Estrela de Galiza,
Namorei da Super Bock
Unha noite con Leticia.

Busco palmeiras en Leça

¿Que fas ti ca vida que Eu che dei?
Pobre escravo desta lei
Eu son o ser da gran rebelión
O lume que arde.

Amor de guardería

Desde que che vin na guardería
souben que algún día serías miña
con aquél baby rosy tan axustado
Os tirabusóns e aquél lazo

Eu andaba tras de ti tódolos días
e ti me decías ¿por que me expías?
Porque vai ser, miña moneca
Porque estás ti mellor
Que unha chupeta ummmm, ummm.

Íamos en 7 de E.X.B.
Cando che biquei por 1º vez
Estaba tan nervioso e tan asustado
Que che babei todo o papo
Ollos grandes e boca pequena
Sacaba en todo un 10
a miña nena
e tíñasme ti tan aparbado
Que por túa culpa
non saquei o graduado.

Sete ondas blues

Rios que morren matando o mar
Manchas de fuel profanando o areal
Portos pechados ó pobos sen pan
Matan ós pobres os ricos de máis

Din que nacía ó chegar o Sol por
Entraba no mundo da luz de pink floyd
Así descubreu o seu swing vital
Namorou coa musa do clímax total

Con vibrante armonía consegue cantar
É lume na auga e pode criar
Perdoar seus pecados faino Ser deus
Agora é libre porque quixo ter fe.
Perdeuse no norte atopouse no sur.
Foise coa 7 onda de blues.
Din que tocou para Cristo e Alá
E Buda apuntouse a facer de xantar

No deixou nada escrito e colleu súa cruz
E foise coa 7 onda de blues (bis)
Din que tocou para Cristo e Alá
E Buda apuntouse a facer de xantar

Veneno medicinal

Escoita oh, my frien
A min mordeume un ninguén
E o seu veneno medicina
Para aprender
Se queres ser gurú
E non queres ir de cu
Aprende as merdas que fan o julandrús
Si che dixeron que non
Para que perdas a ocasión
Non perdes nada
Ti non es un perdedor

Non hai fracasos, hai fracasados
Non hai derrotas, hai derrotados
O diñeiro vai e ven porque non é de ninguén
O diñeiro vai e ven porque non é de ninguén.
O que fai falta é non ter que precisar del.

Xa ves son coma tu
e toda people e igual que tu
pero hai vampiros, vampiras e julandrús.
Na cama estan perdidos
só se deitan con mendigo

Eu Quero estar namorado de voçe (bis)

Es guachi, es macanuda
Ti é-la a miña rula
Meu repolo meu corazón
Quéroche un mogollón

Eu Quero estar namorado de voçé(bis)

Din que tocou para Cristo e Alá
Namorou coa Musa do Clímax total

Na guerra da auga hai heroes hai cañóns
Beber é o premio dos que están la lexión
O son dos tanques ruído infernal
alguén esta dentro tentando escapar.

Ningún home vive, si morre algún
son gotas dun mar chamado only you
matar ó inimigo é perder un irmán
alguén esta fora chamando ó portal.

No deixou nada escrito e colleu súa cruz
E foise coa 7 onda de blues (bus)
Din que tocou para Cristo e Alá
E Buda apuntouse a facer de xantar
Din que tocou para cristo e alá
Namorou coa Musa do Clímax total
Xas non hai máis discurso, máis palabra de luz
Achégase a 7 onda de blues.

o mundo das mentiras
fainos feliz.
O monte esta queimado,
o mar contaminado.
O ser humano
Todo condenado

Non, non, non, non , non ...

Non hai fracasos, hai fracasados
Non hai derrotas, hai derrotados
O diñeiro vai e ven porque non é de ninguén
O diñeiro vai e ven porque non é de ninguén
O que fai falta é non ter que precisar del.

Namorarase dunha sachadora

Alfonso Pato

En Poi, nas terras da Barbanza, hai un mariñeiro que se namorou dunha sachadora. Logo de namorarse, fixeron un proxecto de vida, el foi deixando o mar para dedicarlle mais tempo. Para sorpresa de todos, fixéronse inseparables e a parella funcionou. Pero máis sorprendente aínda foi cando empezaron a ter descendencia, para asombro da comunidade científica internacional.

Nunca tal se vira. Empezaron a procrear tamén dun xeito singular: a sachadora paría historias, paría música, paría discos. O mariñeiro contaba increíbles historias do mar, de tipos que ían ó Jran Sol e durmían de pé na cuberta do barco, de aprendices de cociñeiro que cravaban espátulas na graxa acumulada nas paredes da cociña, ou de mariñeiros que nos portos americanos lles mexaban por enriba ós turistas desde o barco.

Mentres o mariñeiro contaba as historias, a sachadora deixábase arrolar entre os seus brazos, uns brazos fortes, dos que curtiu o mar, dos que levan tatuadas as xornadas a bordo do *Elcano* e dos que se agarraban con forza para pasar a aventura de dobrar o Cabo de Hornos.

Coa sachadora, o mariñeiro recorreu moitos mundos, moitas alegrías e moitas penurias. Desde submundos de karaoke ata inframundos de platós de televisión, pasando polos micromundos de centos de bares. A súa historia de amor sempre estivo unida á música. A música fíxoos grandes, foron ricos herdeiros, e fíxoos pequenos, son agora humildes rasas lobas, e tamén os fixo padecer algunha aventura musical, da que a amnesia selectiva non lles deixaba lembrar.

Non todo o mundo pode contar que se namorou dunha sachadora. Pero esta sachadora non é unha sachadora calquera. É Sachadora, con maiúscula, a guitarra que fixo tolear a Tonhito de Poi, aquel mariñeiro da Barbanza. Desde a primeira vez que se atoparon, cada día xúranse amor eterno.



